


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E
SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE
ASESORAMENTO, ORIENTACIÓN XURÍDICA E MEDIACIÓN EN MATERIA DE
VIVENDA**

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

REUNIDOS



Dunha parte, dona Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, nomeada polo Decreto 123/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 5 de outubro), en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 217, do 14 de novembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adelante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).



E doutra, don Félix Mondelo Santos, en calidade de Presidente do Consello da Avogacía Galega, segundo a elección realizada polo Pleno do Consello da Avogacía Galega o 3 de xuño de 2017.

MANIFIESTAN

PRIMEIRO.- Que é obrigación dos poderes públicos garantir o exercicio dos dereitos fundamentais recoñecidos na nosa Constitución, entre os que se atopan o dereito á defensa e a tutela xudicial efectiva, así como promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.- Que o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 47 da Constitución Española e o artigo 3 da Lei 3/1988, de 27 de abril, de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

TERCEIRO.- Que o Consello da Avogacía Galega, integrado polos ilustres Colexios de Avogados da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, ten por finalidade agrupar e coordinar os colexios integrados nel e asumir a súa representación nas cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa, física ou xurídica, en que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio.

Conforme o artigo 5.4 dos seus estatutos, entre as súas funcións atópase a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o

mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes, podendo establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

Que como consecuencia do anterior, ambas institucións consideran conveniente colaborar en ofrecer aos cidadáns o asesoramento, orientación xurídica e mediación en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

ACORDAN



PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega, a efectos de crear as canles de información necesarias para remediar que persoas en situación de desamparo perdan a súa vivenda ou, no seu caso, consigan, ao abeiro dos programas de axuda existentes, un inmediato realoxo en vivendas a disposición da Xunta de Galicia ou accedan ás axudas para o alugueiro de vivendas.

Para a consecución dos fins do convenio, as partes asinantes desenvolverán tres ámbitos de actuación descritos nas cláusulas segunda e terceira do Convenio.

En ningún caso considerárase incluído dentro do obxecto de este convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

SEGUNDO.- OBRIGAS DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA. CONTIDO E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Para a consecución dos fins previstos no Convenio, o Consello da Avogacía Galega asume as obrigas seguintes:

2.1.- Prestar gratuitamente un servizo de asesoramento e orientación xurídica dirixido aos cidadáns que acrediten carencia de recursos económicos, tomando como referencia os requisitos básicos establecidos no artigo 3 da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, coa finalidade evitar os conflitos procesuais, analizando a viabilidade das pretensións, así como o posible encaixe nos diferentes programas públicos que podan dar cobertura a súa situación.



O asesoramento e orientación comprenderá todos aqueles aspectos referidos a tramites de carácter administrativo ou xudicial que poidan realizar as persoas en risco de perder a súa vivenda como consecuencia dun procedemento de execución hipotecaria, polo impago da renda de aluguer ou por calquera outra circunstancia imprevista ou sobrevida, sempre que esta vivenda constitúa o seu domicilio habitual e permanente.

Así mesmo, o Consello da Avogacía Galega asesorará sobre todos os programas de axudas aprobados polo IGVS que teñan por obxecto evitar a perda da vivenda das persoas que estean en situación de desamparo, así como daqueles outros que estean orientados a solucionar o problema do seu realoxo.



Os letrados que presten o sistema de gardas localizadas e de consultas en liña poderán derivar ao servizo de mediación colexial aqueles conflitos que se formulen vía internet ou nas entrevistas persoais, sempre que sexan susceptibles de resolución por dita vía.

O servizo de asesoramento atenderase a través dun sistema de gardas localizadas e de consultas en liña. A garda localizada implicará a dispoñibilidade dos letrados

asignados nas dependencias dos distintos Colexios de Avogados, con periodicidade quincenal e en horario de mañá de 10:00 a 13.00 horas.

Para o desenvolvemento das consultas en liña, o Consello da Avogacía Galega creará un formulario web para ser respostado por correo electrónico polo letrado/a de garda, nun prazo entre 24 e 48 horas, para as consultas de pouca complexidade. No caso de que sexa necesario contar con máis documentación ou ampliar a información para poder dar unha resposta axeitada ou no caso de que se deriven ou susciten cuestións complexas, derivarase a cuestión á entrevista persoal. Así mesmo, crearase un número 900 para a concertación de citas e información sobre as prestacións do convenio.



2.2.- Realizar un seguimento a nivel autonómico da conflitividade xurídica e da eficacia das medidas existentes no ámbito xurisdiccional, creándose unha Comisión Técnica Intercolexial de letrados expertos en materia de vivenda e desafuzamentos en particular.

A Comisión contará con sete letrados e un secretario, celebrando un mínimo de tres reunións durante a vixencia do Convenio, baixo a coordinación do Consello da Avogacía Galega, podendo utilizarse o sistema de videoconferencia, dada a natural dispersión xeográfica da organización institucional da avogacía. Establecerase unha plataforma de comunicación na sede electrónica do Consello (<http://avogacia.gal>) e os materiais documentais resultantes estarán a disposición do IGVS.



A Comisión Técnica Intercolexial elaborará unha memoria anual e, polo menos, dous informes de actividade, que se emitirán unha vez celebradas a segunda e a terceira reunións, respectivamente, e que se remitirán ao IGVS, prestando, así mesmo, as funcións de asesoramento e de emisión de informes sobre materias propias do ámbito do Convenio a petición da Comisión de Seguimento.

2.3.- Tramitar, de conformidade co disposto na Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, procedementos de mediación, como medio preferente de resolución de conflitos, pondo en funcionamento a infraestrutura

necesaria, que aproveitará, dentro do posible, os servizos dos Colexios onde poidan estar previamente implantados, segundo a organización (quendas ou gardas de mediadores, etc.) establecida por cada Colexio, e con carácter gratuíto para os solicitantes.

O servizo de mediación atenderá especialmente a resolución das posibles controversias que se puidesen producir entre os propietarios arrendadores e os arrendatarios nos contratos de aluguer celebrados sobre as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015-2020, en virtude do Convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2016 entre o IGVS e a Fegamp.

O Consello da Avogacía Galega confeccionará unha memoria final das mediacións solicitadas e realizadas durante a vixencia do Convenio. Aí mesmo, dentro dos dous meses seguintes á finalización do presente convenio, o Consello da Avogacía Galega entregará ao IGVS unha Memoria das actividades realizadas e da xustificación do gasto.

Para o cumprimento das obrigas obxecto deste Convenio, o Consello da Avogacía Galega comprométese a adicar ao seu desenvolvemento os avogados necesarios, mediante os procesos de selección oportunos, que farán os Colexios de Avogados da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo entre os seus letrados, quen prestarán o citado asesoramento e orientación xurídica no respectivo colexio.

A organización das actuacións a realizar corresponderalle, dentro do seu respectivo ámbito territorial, aos Colexios de Avogados da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, baixo a coordinación do Consello da Avogacía Galega, que poderá solicitar ao IGVS tanta información estime oportuno para o efecto, nos termos establecidos na Cláusula Terceira, así como propoñer o establecemento dos instrumentos necesarios para o seu correcto funcionamento.

TERCEIRO.- OBRIGAS DO IGVS

O IGVS prestará aos distintos Colexios de Avogados a asistencia e o apoio técnico necesario para o desenvolvemento do seu asesoramento, que se concretará entre outras, nas seguintes actuacións:

- Comunicar as disposicións de rango legal e regulamentario que se aproben en materia de vivenda, programas e ordes de axudas, así como os informes que se elaboren sobre os mesmos.
- Clarificar os criterios interpretativos establecidos na normativa estatal e autonómica en materia de vivenda, especialmente no referido aos plans ou programas destinados ao fomento do aluguer de vivendas.
- Establecer sistemas de atención personalizada aos letrados que presten o servizo, mediante a disposición dun correo electrónico habilitado a tal efecto, así como todos aqueles canles especiais de atención diferenciada aos letrados que desenvolvan o servizo obxecto do Convenio, previa aprobación pola Comisión de Seguimento do Convenio.
- Enviar a información que o Consello da Avogacía Galega puidera solicitarlle ao IGVS, aos efectos da mellora na organización do servizo.
- Constituir grupos de traballo sobre temas relacionados co obxecto do presente convenio, os cales serán creados mediante acordo da Comisión de Seguimento do Convenio.

CUARTO.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

O IGVS achegará, para sufragar o custo das obrigas derivadas do cumprimento deste Convenio, a cantidade de máxima de 50.400 euros, impostos excluídos, con cargo á

aplicación orzamentaria 2018.08.80.451A.227.99, para a totalidade da duración do Convenio.

O Consello da Avogacía Galega realizará a xustificación do gasto total nos distintos ámbitos do Convenio mediante a presentación, antes do 29 de decembro de 2018, da certificación asinada pola Secretaria-Tesoureira desta entidade, acreditando que a achega económica foi aplicada ás actuacións obxecto do Convenio.



O gasto correspondente ao asesoramento xustificarase mediante mención na certificación do pagamento aos colexios, así como do cumprimento de acordo cos informes e datos certificados por cada un deles, anexando a relación nominal dos letrados de garda e as cantidades aboadas.

O gasto correspondente ao estudo da conflictividade no eido xurídico e xurisdiccional e aos procedementos de mediación tramitados, xustificarase mediante mención na certificación do cumprimento das actividades destes epígrafes, axuntando a memoria de actividades e os informes emitidos pola comisión.

De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o aboamento do gasto por parte do IGVS realizarase unha vez emitida por parte do Consello da Avogacía Galega a correspondente factura electrónica.

QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Constitúese unha Comisión de seguimento, integrada como mínimo por un representante de cada unha das partes, para a adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do convenio. Esta Comisión reunirase a petición de calquera das partes e, polo menos, tres veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, a mesma deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

As funcións da comisión de seguimento serán, ademais das sinaladas nas cláusulas anteriores, as seguintes:

- Efectuar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos do presente convenio, así como dos compromisos das partes.
- Determinar o número exacto de letrados asignados á prestación do servizo de asesoramento e orientación xurídica por cada colexio, dentro dos límites establecidos neste convenio e, no seu caso, ampliar os supostos obxecto de asesoramento.
- Acordar unha redistribución territorial dos recursos previstos neste convenio, co obxecto de axustalos a carga real de traballo. Esta redistribución poderá implicar unha modificación das contías económicas asignadas a cada un dos colexios integrantes do Consello.
- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

As decisións da Comisión de seguimento adoptaranse por unanimidade.

SEXTO.- DURACIÓN

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2018. Non obstante, as partes asinantes, en calquera momento anterior a dita data, poderán, de mutuo acordo, acordar expresamente a súa prorroga ata o 31 de decembro de 2019.

SÉTIMO.- RESOLUCIÓN


Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das obrigas asumidas polas partes asinantes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes asinantes.



OITAVO.- RÉXIME XURÍDICO

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.



NOVENO.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentemento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, de

13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

DÉCIMO.- DIVULGACIÓN DA EXISTENCIA DE ESTE CONVENIO

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

A estes efectos, o Consello da Avogacía Galega creará un espazo na páxina web dos distintos Colexios de Avogados no que reunirá toda a información dispoñible a nivel nacional e autonómico sobre esta materia e na que, así mesmo, informárase da existencia de este convenio e forma de recibir as prestacións derivadas do mesmo.

Lido polas partes, e como proba de conformidade, asinan por triplicado este documento no mesmo lugar e data indicados.

Polo INSTITUTO GALEGO DA
VIVENDA E SOLO



Ethel María Vázquez Mourelle

Polo CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Félix Mondelo Santos